

PROGRAMACIÓN XERAL ANUAL
CPR CARDENAL CISNEROS
2022/2023

ÍNDICE

INTRODUCCIÓN.....	4
1. O CENTRO ESCOLAR.....	6
1.1. DATOS E IDENTIFICACIÓN DO CENTRO.....	6
1.2 CONTORNO FÍSICO. POBOACIÓN.....	7
1.3 CONTEXTO SOCIO - ECONÓMICO E CULTURAL.....	7
1.4 CARACTERÍSTICAS DO CENTRO.....	8
1.4.1 CAMIÑANDO CARA A PLENA INCLUSIÓN.....	10
1.4.2 A NOSA LOITA.....	10
1.5 DESCRICIÓN DO CENTRO.....	10
1.6 LIBROS DE TEXTO E DEMAIS MATERIAIS CURRICULARES ESTABLECIDOS NO CENTRO.....	12
1.7. O PROFESORADO E O PERSOAL LABORAL.....	12
1.8. ÓRGANOS DE GOBERNO.....	12
1.8.1. ÓRGANOS UNIPERSOAIS.....	12
1.8.2. ÓRGANOS COLEXIADOS.....	13
1.9 O NOSO CENTRO ANTE A COVID.....	15
1.10. ATENCIÓN Á DIVERSIDADE.....	16
1.10.1. NEAE.....	16
1.10.2 DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN.....	17
2. OBXECTIVOS ESPECÍFICOS PARA O PRESENTE CURSO ACADÉMICO.....	18
3. CALENDARIOS.....	19
3.1. CALENDARIO ESCOLAR.....	19
3.2 INICIO DAS ACTIVIDADES LECTIVAS.....	20
3.3 PERÍODOS DE VACACIÓNS.....	20
3.4 CONMEMORACIÓNS.....	20
3.5. CALENDARIO AVALIACIÓNS.....	21
4. DISTRIBUCIÓN HORARIA DA ACTIVIDADE ESCOLAR.....	21
4.1 HORARIOS.....	21
4.2 QUENDA DE VIXILANCIA DOS RECREOS.....	22
4.3 HORAS COMPLEMENTARIAS.....	22

4.4. CRITERIOS PARA A CONFECCIÓN DOS HORARIOS DO PROFESORADO.....	22
4.5. ASIGNACIÓN DE MESTRES AOS EQUIPOS.....	23
5. CADROS DE ORGANIZACIÓN PEDAGÓXICA	24
5.1 Dinamizacións	24
6. ORGANIZACIÓN DOS SERVIZOS COMPLEMENTARIOS E EXTRAESCOLARES.....	25
6.1 MADRUGADORES.....	25
6.2 LUDOTECA.....	26
6.3 REFORZO EDUCATIVO.....	26
6.4 COMEDOR ESCOLAR.....	26
6.5 ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES.....	29
7. DOCUMENTO DE ORGANIZACIÓN DO CENTRO (DOC)	30
8. PLAN DE ORGANIZACIÓN DAS TAREFAS DO PERSOAL NON DOCENTE.....	30
8.1. PERSOAL COIDADOR	30
9. PROGRAMA ANUAL DE ACTIVIDADES.....	31
9.1. EQUIPO ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES.....	31
9.2 EQUIPO DE DINAMIZACIÓN DA LINGUA GALEGA.....	31
9.2.1. FOMENTO DA LINGUA GALEGA.....	32
10. PROGRAMAS E PLANS ANUAIS DE LECTURA	33
11. PLAN DE INTEGRACIÓN DAS TICS.....	34
12. ADENDA DO PROXECTO LINGÜÍSTICO.....	35
12.2 DECISIÓN AO RESPECTO DA LINGUA EN QUE SE IMPARTEN AS MATERIAS.....	37
13. BIBLIOTECA ESCOLAR	38
14. RELACIÓN COA COMUNIDADE E AS FAMILIAS.....	42
14.1 CLIMA DE COLABORACIÓN.....	42
14.2 RELACIÓNS COA CONTORNA.....	42
15. AVALIACIÓN DA PROGRAMACIÓN XERAL ANUAL	43
ANEXO	43
16. APROBACIÓNS.....	<i>¡Error! Marcador no definido.</i>

INTRODUCCIÓN.

Este documento recolle os fundamentos e aspectos organizativos que regularán o funcionamento do CPR Cardenal Cisneros de Ourense durante o curso escolar 2022/23. Ademais de ser vinculante para todos os membros da comunidade escolar, debe ser o nexo que aúne esforzos e traballos, dando coherencia e servindo de marco xeral para a actuación individual e colectiva.

O seu valor como referente é dobre:

- Por unha banda ten que significar a continuidade do programado en cursos anteriores, co obxecto de perseverar na consecución dos obxectivos propostos e que non se acadaron plenamente, así como naqueles que se consideran sinais de identidade do centro.
- Por outra banda debe ser un documento que asegure a evolución no traballo, recollendo novos obxectivos e retos que posibiliten a resposta máis axeitada ás necesidades da comunidade educativa, na procura da mellora da calidade do ensino.

Esta Programación Xeral Anual xorde, sobre todo, polas seguintes consideracións:

1. Por imperativo legal dado que así o dispón o decreto 7/1999, do 7 de xaneiro (DOG do 26 de xaneiro) e a orde do 3 de outubro de 2000 (DOG do 2 de novembro), da Consellería de Ordenación Universitaria, que establece a súa elaboración como un requirimento obrigatorio para os Centros Educativos.
2. Polo disposto na Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación, no referente a autonomía para establecer e adecuar as actuacións organizativas e curriculares no marco das competencias e responsabilidades que corresponden aos centros educativos.
3. Polos cambios que se producen a partir do curso 2014/15 coa Lei Orgánica de Mellora da Calidade Educativa (LOMCE), que foi publicada no Boletín

Oficial do Estado do 10 de decembro como Lei Orgánica 8/2013, de 9 de decembro.

4. Pola necesidade de elaborar unha guía de traballo que nos evite, na medida do posible, a rutina e a improvisación, co establecemento de criterios de actuación compartidos e asumidos pola comunidade educativa; co fin de mellorar o máximo posible a organización e funcionamento do colexio.
5. Polo establecido nos decretos curriculares das etapas impartidas no noso centro:
 - Decreto 150/2022 do 8 de setembro polo que se establece o currículo da educación infantil na Comunidade Autónoma de Galicia.
 - Decreto 155/2022, do 15 de setembro, polo que se establece o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia.
 - Decreto 156/2022, do 15 de setembro, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia.
6. Tendo en conta en todo momento o Decreto 229/2011, de 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten os ensinos establecidos na Lei orgánica 2/2006, de 3 de maio, de educación.
7. Sendo un compromiso de eficacia para todos ós que directa ou indirectamente, temos compromisos de actuación e responsabilidade no funcionamento do Centro.

Deixamos constancia, de que a PXA é un instrumento flexible e aberto, sometido a revisións permanentes que poidan posibilitar calquera tipo de mellora.

1. O CENTRO ESCOLAR

1.1. DATOS E IDENTIFICACIÓN DO CENTRO

Titulariedade	Colexio Cardenal Cisneros S.L
Código do centro	32009062
Denominación	Colexio Cardenal Cisneros
Enderezo	R/Emilia Pardo Bazán, nº 21. Ourense
Código da localidade	32004
Teléfono	988225495
Correo	cpr.cardenal.cisneros@edu.xunta.es
Tipo de Autorización	Definitiva para os niveis de Educación Infantil, Primaria e ESO.
Tipo de Autorización	Definitiva para unha unidade de Educación Especial.
Tipo de Autorización	Seccións bilingües (ed. artística-plástica) 1º, 2º, 3º e 4º de educación primaria.

1.2 CONTORNO FÍSICO. POBOACIÓN

O CPR Cardenal Cisneros está situado na rúa Emilia Pardo Bazán, nº 21 no concello de Ourense.

A súa área de influencia corresponde co perímetro comprendido por: avda. Ribeira Sacra desde os límites do termo municipal ata Ponte Nova (Ponte Loña, As Lagoas...). Avda. de Marín e Euloxio Gómez Franqueira ata o enlace coa N-120 (A Ponte, Quintián...). N-120 ata Glorieta do Couto. Rúa Ervedelo, continuando por Rúa Faustino Santalices ata cruzamento coa rúa Francisco de Moure. Francisco de Moure ata praza do Couto. Avenida de Portugal ata rúa Marcelo Macías. Marcelo Macías ata rúa Ponte Codesal, esta ata rúa Domingo Fontán e esta ata rúa da Coruña. Rúa A Coruña, rúa Pena Trevinca, estrada da Granxa ata cruzamento coa rúa Serra Martiñá. Rúa Serra Martiñá ata fin de municipio pola vía férrea (Penarredonda, Peza, Porteliña...). Quedan dentro da área de influencia todas as rúas interiores dentro deste perímetro.

A maioría do alumnado non procede do entorno próximo ó Centro, desprazanse a pé, en transporte familiar ou transporte público.

1.3 CONTEXTO SOCIO - ECONÓMICO E CULTURAL

No noso centro atopamos moitos tipos de familias; familias tradicionais que nalgúns casos están formadas por varias xeracións (avós, pais e fillos/as), familias monoparentais e tamén atopamos familias de acollida.

A cualificación académica na maioría de pais e nais son os estudos primarios.

En canto á situación socio-económica aparecen tres escalóns económico-sociais diferentes:

En primeiro lugar agrupamos un porcentaxe minoritario de familias dun nivel socioeconómico medio, nun segundo escalón familias cun nivel socioeconómico medio/baixo e un terceiro grupo moi significativo, no que atopamos familias ensituación de vulnerabilidade.

1.4 CARACTERÍSTICAS DO CENTRO

Somos un colexio que acolle a una diversidade de alumnado que atende a diferentes realidades, sociale, económicas e culturais.

A diversidade é un feito na sociedade que nos toca vivir, e conseguintemente é unha realidade no noso centro. Contamos cun gran número de alumnado procedente do estranxeiro. Rumanía, Marruecos, O Sahara Occidental, Argelia e América do Sur son os países de procedencia de moitas das nosas familias.

Para dar unha resposta axeitada contamos co Plan de Acollida para o Alumnado Procedente do Estranxeiro, que se enmarca dentro do Plan de Acción Titorial, elabórase coa finalidade de dar resposta a esta nova realidade escolar e social: a chegada de poboación de orixe estranxeira.

Esta realidade require a adopción, por parte do centro, de medidas de tipo organizativo e de tipo pedagóxico. A primeira medida é procurar canto antes a súa integración.

Co alumnado procedente do estranxeiro enfrontámonos a situacións como:

- A existencia ou non de escolarización previa no seu país de orixe.
- Desaxuste entre sistemas educativos.
- Descoñecemento do noso sistema educativo.
- Os desfases curriculares.
- Idioma do seu país de procedencia e a realidade de tres linguas no centro escolar: galego, castelán e inglés.
- A problemática derivada dunha situación socioeconómica desfavorecida.
- A incorporación en calquera data do curso escolar, non coincidente necesariamente co inicio do curso.

Por outra banda, esta poboación escolar ofrece un enriquecemento para a comunidade educativa, en xeral e para a educación do alumnado en particular, como:

- Contacto cunha cultura diferente que contribuirá a ampliar os coñecementos xeográficos, históricos e a visión global do mundo.

- Contacto con costumes diferentes que facilitarán a aprendizaxe na resolución de conflitos nunha sociedade plural.
- A achega doutros valores que, na convivencia diaria, favorecerá unha aprendizaxe real e práctica da tolerancia e do respecto polo diferente.

No noso centro tamén contamos con alumnado sometido a medidas de protección e tutela. A escolarización do alumnado sometido a medidas de protección e tutela realizarase de conformidade co procedemento establecido con carácter xeral, sendo considerado este alumnado como alumnado con necesidade específica de apoio educativo por condicións persoais ou de historia escolar.

Adoptamos as medidas de atención á diversidade que procedan, para asegurar o seu proceso educativo.

O conxunto do noso alumnado confire ao noso centro un marcado carácter integrador que fomenta a inclusión socio-cultural do noso alumnado como fonte de enriquecemento educacional.

Por outra banda é necesario destacar que existe unha relación moi directa entre os resultados académicos do alumnado e o nivel cultural das familias; así, no seo de familias cunha composición inestable e nivel cultural baixo, prodúcese resultados escolares non satisfactorios de rendemento escolar, dificultades de aprendizaxe e problemas de estabilidade emocional que supoñen carencias afectivas e de estímulos ambientais.

Por tal motivo e sendo coñecedores destas singularidades teremos en conta a equidade, que garanta a igualdade de oportunidades para o pleno desenvolvemento da personalidade a través da educación, a inclusión educativa, a igualdade de dereitos e oportunidades que axuden a superar calquera discriminación e a accesibilidade universal á educación que actúe como elemento compensador das desigualdades persoais, culturais, económicas e sociais, con especial atención ás que deriven de calquera tipo de discapacidade.

1.4.1 CAMIÑANDO CARA A PLENA INCLUSIÓN.

O conxunto do noso alumnado confire ao noso centro un marcado carácter integrador que fomenta a inclusión sociocultural como fonte de enriquecemento educacional.

Por tal motivo e sendo coñecedores destas singularidades temos en conta a equidade, que garante a igualdade de oportunidades.

Desde o centro somos coñecedores de que o convencional non nos serve e por iso o noso xeito de traballar desde hai uns anos supón un esforzo diario no que aprender ao máximo, reducindo desigualdades e apostando polo éxito, convertendo o noso centro nun espazo de encontro. A inclusión para nos é a única maneira de entender a educación dentro e fora da nosa escola.

1.4.2 A NOSA LOITA.

Atopámonos nun proceso moi complexo. Dende hai anos o noso centro perde cada ano moito alumnado, as familias da contorna non se identifican co colexio e enfrontámonos a prexuízos polos que as familias acaban rexeitando o centro pondo como motivo principal a diversidade do alumnado.

Loitamos día a día, levando a inclusión por bandeira; traballamos co concello, con asociacións, apostamos pola innovación, pola formación en canto a competencias, traballo por proxectos, aprendizaxe cooperativa, competencia emocional, buscamos achegarnos a metodoloxías activas centradas na comunicación, estratexias inclusivas, participación e cooperación da comunidade permitindo integrar os elementos do currículo mediante o desenvolvemento de tarefas e actividades relacionadas coa resolución de problemas en contextos da vida real... pero precisamos de axuda e alento que nos permitan seguir traballando.

1.5 DESCRICIÓN DO CENTRO.

Desde este curso escolar e pola Orde do 6 de agosto de 2019 pola que se modifican os concertos educativos cos centros docentes privados de educación infantil, educación primaria, educación secundaria obrigatoria, educación especial y

de formación profesional, o noso centro perde una das unidades concertadas de educación primaria.

Neste curso concedese o concerto dunha unidade máis en Educación Primaria. Polo que no curso académico 22/23 contamos con nove unidades concertadas; en Educación infantil unha unidade mixta, en Educación Primaria; 3 unidades de réxime xeral unificadas, catro unidades de réxime xeral en Educación Secundaria Obrigatoria e unha unidade de Educación Especial.

O edificio do Colexio consta de catro plantas, a última delas non se emprega para o uso lectivo nin escolar, permanecendo cerrado o seu acceso.

Na terceira planta dispónse dunha das bibliotecas, o salón de actos, a aula de actividades múltiples e a sala de conferencias.

No 2º andar, encóntranse as aulas de Educación Secundaria e o laboratorio.

Na primeira planta, as aulas para Educación Primaria, Educación Especial, Educación Infantil, a aula de AL, a Ludoteca, a aula de informática e un almacén.

Na planta baixa: un patio descuberto e un patio cuberto. Nos laterais do patio cuberto encóntranse os vestiarios, no outro lateral contrario a ese patio, están as dependencias do Comedor Escolar.

No recibidor da planta baixa encontramos a Secretaría, a Dirección, o despacho dos orientadores e a sala de profesores.

En todas as plantas cóntase con aseos para alumnado e na planta primeira os aseos do profesorado.

O centro conta cun aparcadoiro privado para uso de profesores ou membros da Comunidade educativa.

1.6 LIBROS DE TEXTO E DEMAIS MATERIAIS CURRICULARES ESTABLECIDOS NO CENTRO.

Toda a información sobre os libros de texto que se establecen para os diferentes cursos de educación infantil, primaria e secundaria poden ser consultados na páxina web do colexio.

1.7. O PROFESORADO E O PERSOAL LABORAL.

O claustro está composto por 19 membros, que imparten clases en Educación Infantil, Primaria, Especial e ESO.

O persoal laboral consta de 1 auxiliar administrativa, 1 axudante técnico educativo, 1 limpiadora.

1.8. ÓRGANOS DE GOBERNO.

1.8.1. ÓRGANOS UNIPERSOAIS.

Equipo Directivo e Plan de Actuación

- Director: López Feijóo; Benigno.
- Xefa de estudos: Solla Rodríguez, Patricia.
- Secretaria: Feijóo Pérez, Raquel.

O Equipo Directivo é o órgano de xestión técnica que asume a responsabilidade do funcionamento do centro. A actuación do equipo directivo terá como principio básico o de acadar un equilibrio entre as labores de xestión, organización e avaliación, coas tarefas de estímulo, axuda e apoio ao profesorado e demais membros da comunidade, isto é, a integración de todos nun proxecto común co obxectivo de conseguir un proceso ensinanza-aprendizaxe eficaz e de calidade.

Os membros do equipo directivo traballarán de forma coordinada no desempeño das súas funcións.

Reuniranse os martes e trataranse todos os temas relacionados co centro e a Comunidade Educativa e tomaranse decisións como órgano colexiado.

Como principal cometido está.

- Velar para que se leve adiante con éxito o que se recolle nesta PXA tratando de melloralala.
- Impulsar as relacións co resto da comunidade mediante a información e a organización de recursos.
- Garantir os dereitos de todos os membros da comunidade.
- Velar porque cada membro realice aquelas funcións que lle son propias e que están recollidas na lexislación vixente.

1.8.2. ÓRGANOS COLEXIADOS.

a) Claustro de Profesores.

Integrado pola totalidade do profesorado e presididos polo director. É un órgano propio de participación do profesorado no goberno do centro.

É un órgano colexiado coa responsabilidade de planificar, coordinar, decidir e informar sobre todos os aspectos docentes. Os artigos 46 e 47 do Regulamento Orgánico dos colexios de educación Infantil e Primaria e os artigos 128 e 129 da LOE-LOMCE, recollen a súa composición e competencias.

Como norma xeral, o Claustro de Profesores reunirse preceptivamente, en sesión ordinaria, unha vez por trimestre, e sempre que o convoque o seu presidente ou un tercio, alomenos, dos seus membros.

En todo caso reunirse ao comezo e ao remate do curso. Será convocado, a través do correo electrónico, cunha semana de antelación pola Dirección do Centro. Os claustros extraordinarios poderán celebrarse calquera outro día a calquera outra hora.

Trataranse todos os temas relacionados con:

- A organización pedagóxica.
- Os protocolos de actuación fronte ás diferentes circunstancias que poidan xurdir.
- Todo tipo de actividades.

Nas actas, recollerase a asistencia, os acordos tomados que terán carácter vinculante e as intervencións que se soliciten.

b) Consello Escolar:

Órgano máximo de participación da Comunidade Educativa na xestión do Centro. Os artigos 37 e 43 do Regulamento Orgánico, coas modificacións introducidas no punto corenta e seis da LOMCE respecto do artigo 127 da LOE (Competencias do Consello Escolar), informan da súa composición e competencias. As sesións de consello realizaranse segundo ó establecido para as reunións de Claustro de Profesorado.

- Director - Presidente:
 - López Feijóo, Benigno.
- Representantes do/a titular - Secretaria:
 - López Rodríguez, M^a América.
- Representantes do profesorado:
 - Abad Suárez, M^a Elisa.
 - Feijoo Pérez, Raquel.
 - Quintas Álvarez, M^a Remedios.
 - Tierno Pérez, Miriam.
- Representantes dos/as pais/nais de alumnos/as:
 - Feijóo Pérez, Juan.
 - González Peña, M^a del Mar.
 - Jueguen Lago, Patricia.
 - Mosquera Vázquez, José Manuel.
- Representantes do alumnado:
- Representante do persoal non docente:
 - López Rodríguez, América.
- Representantes da empresa:
 - Álvarez Pérez, Juana M^a.
 - Feijóo Soto, Juan.
 - Neira González, Manuela.

As reunións do Consello Escolar realizaranse un mínimo de tres veces no presente curso para atender:

1º Trimestre:

- Inicio de curso e Días non Lectivos.
- PXA

2º Trimestre:

- Contas exercicio anterior.
- Revisións de plans e proxectos.

3º Trimestre:

- Memoria Fin de Curso.

E tantas veces como sexa necesario, segundo xurdan necesidades. As convocatorias serán enviadas por correo electrónico.

1.9 O NOSO CENTRO ANTE A COVID

Este novo curso preséntasenos coma unha continuidade no traballado os cursos anteriores no que teremos que compatibilizar a nosa labor docente presencial coas máximas garantías de seguridade sanitaria que nos esixe o protocolo da COVID-19.

Neste eido o traballo do equipo directivo, foi adaptar o noso centro ao protocolo intentando que toda a nosa comunidade escolar atope neste novo curso o noso colexio de sempre dentro dun marco de seguridade plena. Continua vixente o sistema de quendas de recreo e comedor e a flexibilización de entradas e saídas para evitar amoreamentos de xente ás entradas e saídas do centro...

Continuamos con todos os servizos que ofertaba o centro; Recollida temperá, comedor, ludoteca, reforzo educativo e a programación de actividades extraescolares.

En canto a **aula virtual** do noso centro, no caso dunha suspensión da actividade lectiva, podemos continuar o noso labor inmediatamente cunha ferramenta efectiva e axeitada ao noso alumnado. Neste eido preocupanos a detección precoz das necesidades do alumnado a nivel de equipamentos e conectividade co gallo de evitar que volvan ser de novo as familias máis desfavorecidas as que sufran en maior medida as consecuencias dunha suspensión da actividade presencial.

1.10. ATENCIÓN Á DIVERSIDADE.

Enténdese por atención á diversidade o conxunto de medidas e accións que teñen como finalidade adecuar a resposta educativa ás diferentes características e necesidades, ritmos e estilos de aprendizaxe, motivacións, intereses e situacións sociais e culturais de todo o alumnado. Un dos eixos dos que nos podemos gabar como colexio, é o esforzo pola integración de todo o noso alumnado, en especial daqueles que presentan maior número de necesidades específicas de aprendizaxe.

1.10.1. NEAE.

Falamos de NEAE nos seguintes casos:

- Alumnado con necesidades educativas especiais.

Este tipo de necesidades refírese a aquel alumnado que requira por un período da súa escolarización ou ao longo de toda ela, determinados apoios e atencións educativas específicas derivadas de discapacidade ou trastornos graves de conduta.

- Alumnado con integración tardía ao sistema educativo e/ou que presentan condicións persoais e sociais desfavorecedoras.

Favoreceremos a incorporación ao sistema educativo dos alumnos que, por proceder doutros países ou por calquera outro motivo, se incorporen de forma tardía ao sistema educativo español. Atenderemos ás súas circunstancias, coñecementos, idade e historial académico, de modo que se poida incorporar ao

curso máis adecuado, ás súas características e coñecementos previos, cos apoios oportunos, e desta forma continuar con aproveitamento a súa educación.

- Alumnado con dificultades específicas de aprendizaxe.

A escolarización rexerese polos principios de normalización e inclusión e asegurará a súa non discriminación e a igualdade efectiva no acceso e permanencia no sistema educativo. A identificación, valoración e intervención das necesidades educativas deste alumnado procura sempre realizarse da forma máis temperá posible.

- Alumnado en condicións persoais ou de historia escolar.

Serán atendidos no centro atendendo ás peculiaridades e características de cada alumno/a para poder adaptar e deseñar as correctas e máis axeitadas intervencións.

A resposta do centro e o guión/plan de actuación:

1. Procurarase a máxima integración destes alumnos no seu grupo sen que a atención individualizada supoña un illamento do alumno/a.
2. Priorizaranse as medidas de carácter ordinario e normalizadoras.
3. As de carácter extraordinario só se levarán a cabo unha vez esgotadas as anteriores.
4. A intervención educativa basearase nun enfoque multidisciplinar e de colaboración e coordinación entre os diferentes profesionais.
5. O reforzo educativo tentará ser un elemento motivador compensatorio da capacidade e ritmo de desenvolvemento deste alumnado.
6. As adaptacións curriculares, así como os agrupamentos puntuais deste alumnado na aula específica, non deben ser nunca definitivas nin permanentes na etapa, debendo manterse o tempo necesario pero establecendo un período de remate das mesmas.
7. Con posterioridade poderase seguir co reforzo educativo.

1.10.2 DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN.

Desde o Departamento de Orientación as principais liñas de actuación partirán de: Contribuír ao desenvolvemento do plan de acción tutorial, facer un seguimento do alumnado con NEE, facer estudos pedagóxicos dese alumnado, prestar asesoramento na elaboración das medidas ACI e RE, colaborar nos plans de apoio, aplicar probas tipo, elaborar informes, entrevistarse coas familias, participar nas xuntas de avaliación,.....

O departamento de Orientación traballará coordinadamente cos titores/as e profesores/as especialistas para determinar as actuacións de atención.

Cóntase cunha persoa coidadora, que presta axuda ó alumnado integrado que necesitan especial atención polas súas características.

2. OBXECTIVOS ESPECÍFICOS PARA O PRESENTE CURSO ACADÉMICO.

- Desenvolver a personalidade dos alumnos para o que fomentaremos a capacidade de observación, discernimento e enxuizamento crítico sobre todo fronte dos medios de comunicación.
- Formación no respecto dos dereitos e liberdades fundamentais e no exercicio da tolerancia e da liberdade dentro dos principios democráticos de convivencia, fomentando, para iso, a participación do alumnado en coloquios e debates nos que manifesten as propias ideas e respecten as dos demais.
- Desenvolver hábitos intelectuais e técnicas de traballo, así como coñecementos científicos, técnicos, humanísticos, históricos e estéticos, desenvolvendo técnicas de subliñado, esquemas, resumes, apuntes e toma de notas que faciliten a adquisición de contidos.
- Potenciar o respecto ao entorno e á conservación do medio ambiente, fomentando actitudes ecolóxicas de aforro de materias primas e enerxía.
- Descubrir, potenciar e desenvolver a totalidade das potencialidades ou capacidades persoais.
- Desenvolver a sensibilidade, afectividade e tenrura no encontro coas persoas que nos rodean.

- Construír e potenciar unhas relacións de diálogo, paz e harmonía no ámbito escolar e, en xeral, nas nosas relacións cotiás.
- Recoñecer situacións de conflito, sendo capaces de tomar decisións para solucionarlas de forma creativa, fraternal e non violenta.
- Desenvolver o interese na diversidade de persoas e culturas, actuando sempre cunha actitude aberta, respectuosa e tolerante.
- Fomentar a participación na xestión do centro dos integrantes da comunidade escolar.
- Continuar impulsando medidas que contribúan ao mantemento da matrícula do centro.
- Manter informado ao profesorado das novas que vaian xurdindo no ámbito da formación e innovación, así como nos referentes legislativos.
- Informar ás familias nas cuestións que regulamentariamente correspondan e tamén naquelas outras que poidan resultar do seu interese (actividades de formación, culturais e de lecer, charlas, exposicións...).
- Implementar estratexias de colaboración das familias na mellora do rendemento escolar do alumnado.
- Adecuar recursos e metodoloxía para responder ao alumnado con NEAE.
- Mellorar a integración de todo o alumnado no seu grupo e no Centro.
- Fomentar o desenvolvemento persoal, favorecendo a igualdade de xénero.
- Potenciar o uso da lingua galega.
- Potenciar a utilización dos recursos TIC nas propostas metodolóxicas.
- Dinamizar as actividades complementarias e extraescolares.
- Facilitar ámbitos de colaboración e participación entre o concello, outras organizacións sociais e o centro.

3. CALENDARIOS

3.1. CALENDARIO ESCOLAR.

Atendemos á Orden do 20 de maio de 2022 pola que se aproba o calendario escolar para o curso 2022/23 nos centros docentes sostidos con fondos públicos na Comunidade Autónoma de Galicia.

3.2 INICIO DAS ACTIVIDADES LECTIVAS

As actividades lectivas nas ensinanzas de educación infantil, de educación primaria e de educación secundaria obrigatoria, realizaranse desde o día 8 de setembro de 2022 ata o 21 de xuño de 2023, ambos inclusive.

3.3 PERÍODOS DE VACACIÓNS

- Nadal: desde o día 23 de decembro de 2022 ata o día 6 de xaneiro de 2023, ambos inclusive.
- Entroido: días 20,21,22, de febreiro de 2023.
- Semana Santa: desde o día 3 ata o 10 de abril de 2023, ambos inclusive.

3.4 CONMEMORACIÓNS

Durante o curso escolar celebraranse, como mínimo, as seguintes conmemoracións:

- 20 de novembro de 2022: Día Universal da Infancia.
- 25 de novembro de 2022: Día Internacional contra a Violencia de Xénero.
- Do 30 de novembro ao 7 de decembro de 2022: conmemoración da Constitución e do Estatuto de autonomía de Galicia.
- 3 de decembro de 2022: Día Internacional das Persoas con Discapacidade.
- 10 de decembro de 2022: Día da Declaración Universal dos Dereitos Humanos.
- 24 de xaneiro de 2023: Día Internacional da Educación.
- 30 de xaneiro de 2023: Día Escolar da non Violencia e da Paz.
- 8 de marzo de 2023: Día Internacional da Muller.
- 15 de marzo de 2023: Día Mundial dos Dereitos do Consumidor.
- Do 8 ao 12 de marzo de 2023: Semana da Prensa. Un día desta semana traballarase na aula con xornais.
- 7 de abril de 2023: Día Mundial da Saúde.

- Entre o 19 ao 23 de abril de 2023: Semana do Libro.
- 2 de maio de 2023: Día Internacional contra o Acoso Escolar.
- 9 de maio de 2023: Día de Europa.
- Do 10 ao 14 de maio de 2023: Semana das Letras Galegas.
- 5 de xuño de 2023: Día Mundial do Ambiente.

3.5. CALENDARIO AVALIACIÓNS

AVALIACIÓNS PRIMARIA	DATA	ENTREGA DE NOTAS
Primeira	20/12/22	22/12/22
Segunda	29/03/223	31/03/23
Terceira e Final	19/06/23	21/06/23

AVALIACIÓNS SECUNDARIA	DATA	ENTREGA DE NOTAS
Primeira	20/12/22	22/12/22
Segunda	29/03/223	31/03/23
Terceira	5/06/23	07/06/23
Final	22/06/23	26/06/23

4. DISTRIBUCIÓN HORARIA DA ACTIVIDADE ESCOLAR

4.1 HORARIOS

Neste centro mantemos a xornada partida en sesións de mañá e tarde de 50 minutos cada quenda, establecendo os seguintes horarios:

Educación Infantil e Primaria: 10h. a 13.30h - 16h. a 17.45h.

ESO: 8.30h a 14.10h - 16h. a 17.40h (os luns).

Os criterios pedagóxicos que se seguiron para a elaboración do horario son os seguintes:

- Dadas as diferenzas de idade entre os alumnos do centro, repartíronse as horas de entrada e saída para evitar aglomeracións que dificulten a boa marcha.
- Pola mesma razón, o recreo de Educación Infantil e de 12:10 a 11:40, o de Educación Primaria será de 11:40 a 12:10 e o da ESO de: 11:00 a 11:30.
- Situaranse a maioría das clases de Educación Física a derradeira hora da mañá ou da tarde ou antes dun recreo a fin de evitar o retraso dos alumnos a clase posterior. Ademais, terase en conta ca clase non se solape con algún recreo dos alumnos doutro nivel.
- Terase en conta o reparto de horas para que os profesores que imparten docencia nos distintos niveis educativos poidan atender as clases sen coincidencia de horario.

4.2 QUENDA DE VIXILANCIA DOS RECREOS

Ao inicio do curso escolar elabórase o calendario de vixilancias durante os recreos, e remítese para a súa aprobación no primeiro Claustro de Profesores. Tense en conta que os períodos de recreos do alumnado son a diferentes horas, segundo sexan alumnos de Educación Infantil, Primaria ou de Educación Secundaria. Nesas quendas participa a totalidade do profesorado.

4.3 HORAS COMPLEMENTARIAS

As horas complementarias fixas quedan distribuídas segundo figura no horario de cada profesor.

4.4. CRITERIOS PARA A CONFECCIÓN DOS HORARIOS DO PROFESORADO.

Os criterios que procuran a confección dun horario equilibrado para todos/as, alumnado e profesorado, son os seguintes:

- Distribuír as materias dos profesores ao longo da semana.
- Non coincidencia de tres materias de menor asignación horaria.
- Disposición dos espazos, primeiro en Infantil polo seu programa de traballo.
- Compensación de horarios entre profesores/as para que non haxa grandes diferenzas.
- Se hai problemas específicos nas clases teranse en conta as recomendacións dos titores/as con respecto a certas materias.

4.5. ASIGNACIÓN DE MESTRES AOS EQUIPOS.

Cursos e Titores:

CURSO	NOME E APELIDOS
4º,5º e 6º de Ed. Infantil	Patricia Solla Rodríguez
1º,2º e 3º de Ed. Primaria	Miriam Tierno Pérez
4º,5º e 6º de Ed. Primaria	Viviana Digón Villar
1º da ESO	Ana Belén Bande Domínguez
2º da ESO	Mª R. Quintas Álvarez
3º da ESO	Mª Dolores Villarroya Fernández
4º da ESO	Mª Elisa Abad Suárez
Aula Educación Especial	Mohamed Salem Baha

Coordinadores de Ciclo e Nivel:

CICLO	COORDINADOR DE CICLO
Ed. Infantil	Patricia Solla Rodríguez
1º Nivel de primaria	Miriam Tierno Pérez
2º Nivel de primaria	Viviana Digón Villar
1º Nivel de ESO	Villarroya Fernández, M ^a Dolores
2º Nivel de ESO	M. Elisa Abad Suárez

5. CADROS DE ORGANIZACIÓN PEDAGÓXICA

MEMBROS DA E D LG
<p>1.- Coordinadora: M^a Elisa Abad Suárez</p> <p>2.- Representantes do profesorado: Ana Belén Bande Domínguez</p> <p>3.- Orientación: Mohamed Salem Baha</p> <p>4.- Representante do alumnado: José Miguel Sánchez Mora</p> <p>5.- Representante de nais e pais: Raquel Feijóo Pérez</p> <p>6.- Representante do PAS: M^a América López Rodríguez</p>

5.1 DINAMIZACIÓNS

CONVIVENCIA

- O Director, e Presidente. Benigno López Feijóo
- A Xefa de Estudos. Patricia Solla Rodríguez
- 1 representante dos profesores. M^a Elisa Abad Suárez
- 1 representante pais/nais. Raquel Feijóo Pérez
- 1 representante dos alumnos.

EACE

- Patricia Solla Rodríguez
- M^a Elisa Abad Suárez
- Ana Belén Bande Domínguez

TICS

- M^a Elisa Abad Suárez

BIBLIOTECA

- Ana Belén Bande Domínguez
- M^a Elisa Abad Suárez
- Soraya Rodríguez Prado
- Patricia Solla Rodríguez

6. ORGANIZACIÓN DOS SERVIZOS COMPLEMENTARIOS E EXTRAESCOLARES.

6.1 MADRUGADORES

O colexio ofrecerá como xa ven sendo habitual o servizo de madrugadores no que os pequenos poden permanecer no centro dende as 8:00 da mañá, realizando diferentes xogos e actividades lúdicas. Consiste na recepción e atención de alumnos/as nas horas previas ao comezo da xornada escolar propiamente dita.

O obxectivo é facilitar a conciliación da vida doméstico-familiar e laboral das familias nas que os adultos teñen xornadas de traballo que comezan antes das dos escolares.

Deste xeito os pais que o necesiten poden deixar os pequenos no centro tanto diariamente como en casos puntuais de xeito totalmente gratuíto.

O alumnado será atendido por profesorado do centro.

6.2 LUDOTECA

O centro tamén de xeito gratuíto presta un servizo de ludoteca para o alumnado de Educación Infantil que terá lugar 4 días a semana: en horario de tarde de 17:30 a 19:00.

6.3 REFORZO EDUCATIVO

Outro dos servizos que presta o centro tamén de xeito gratuíto son clases de reforzo educativo que terán lugar 4 días a semana: en horario de tarde de 18:00 a 19:00 para Educación Secundaria e Primaria.

O obxectivo principal é ofrecer a posibilidade de reforzar o traballado durante a xornada escolar en prol dun mellor rendemento académico e por outra banda, estudadas as características singulares do noso centro, significar una axuda de conciliación familiar.

As clases son impartidas por profesorado do centro.

6.4 COMEDOR ESCOLAR

O Colexio consta con servizo de comedor.

O alumnado permanece no comedor de 13:30 a 16:00 no caso dos alumnos de Infantil e Primaria e desde as 14:00 no caso dos alumnos de Secundaria.

Enténdense como servizo de comedor os de xantar e os de atención aos usuarios nos períodos de tempo libre anterior e posterior da comida do mediodía, nos cales se fomentarán programas de promoción da saúde, hábitos alimentarios e habilidades persoais.

O persoal encargado do Comedor está integrado por:

1. O director do centro, que supervisa o funcionamento do mesmo.
2. A encargada de comedor, que organiza o servizo de comidas
3. O persoal colaborador composto polo profesorado que atenden as necesidades que xorden no tempo de comedor, e que velan porque se cumpran as normas.
4. Un auxiliar técnico educativo, que atende ás necesidades dos nenos/as con n.e.e. ao seu cargo.

Este ano, por mor da pandemia realízanse dúas quendas do comedor. O servizo de comedor escolar arestora, e polo motivo indicado, é de luns a venres en horario de 13.30 a 16.00 h.

En canto ao funcionamento do servizo de Comedor, a normativa básica contéplase no Plan de funcionamento do mesmo, baseado no marco do Decreto 132/2013, do 1 de agosto, polo que se regula o funcionamento dos Comedores escolares nos centros docentes públicos non universitarios dependentes da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

Así mesmo baséase no cumprimento das esixencias establecidas na regulamentación técnico-sanitaria para comedores colectivos.

Obxectivos xerais do comedor escolar:

O comedor escolar é un espazo educativo onde os nenos/as aprenden hábitos alimenticios e normas de comportamento social na mesa. Este espazo permite, de forma efectiva e racional, aprender a comer. No Comedor Escolar foméntase unha actitude positiva cara unha alimentación saudable, partindo do estímulo que xera a aceptación das comidas por parte dos outros compañeiros/as.

No Comedor Escolar tentaremos de:

- Potenciar unha oferta apetitosa, variada e de boa presentación, onde estean presentes factores culturais da nosa comunidade.
- Incluír alimentos de todos os grupos para favorecer a dixestión e o contacto cos mesmos.

- Buscar a variación na cor, textura e métodos de cociñado.
- Valorar aspectos relacionados coa satisfacción do “comer con gusto”, de compartir e comunicarse.
- Proporcionar a toda a Comunidade Educativa, na medida das posibilidades, un servizo básico e cotián que facilite a conveniencia do traballo diario.
- Aproveitar os procedementos establecidos pola Administración para ofrecer un servizo asistencial a determinados casos cun medio socioeconómico desfavorable.
- Atender ca mesma eficacia en canto a servizo alimentario, educativo e da saúde, na medida dos recursos cos que contamos, ao alumnado con alerxias, discapacitado ou que proveña doutras culturas.

Obxectivos específicos do comedor:

- Subministrar un menú gastronómico a mediodía equilibrado, variado e completo.
- Promover valores de respecto, valoración do traballo dos demais, uso de utensilios en función da súa estreita finalidade, aceptación mutua, compañeirismo e comprensión das vantaxes dunha boa relación na mesa.
- Promover diferentes habilidades: uso específico e efectivo dos cubertos, coñecemento dos alimentos, das propiedades nutritivas dos mesmos e das conveniencias mais saudables.
- Organizar o tempo de lecer como un espazo educativo de actividades non derivadas das propias obrigacións escolares: xogo libre, biblioteca, xogos de mesa.
- Fomentar a participación nas actividades en grupo respectando ás persoas, as normas, os materiais e os espazos.

Canles de información

- Profesorado: Taboleiros informativos, reunións...
- Pais e nais: notas informativas, páxina web do colexio.
- Nenos/as: Taboleiros informativos do comedor, avisos directos.

A elaboración dos menús farase de xeito que proporcione ao alumnado unha dieta equilibrada adaptada ás necesidades nutricionais de cada grupo de idade, contribuíndo ao seu mellor desenvolvemento físico, e favorecendo, á vez, a adquisición de hábitos alimentarios saudables.

O menú será único para todos os usuarios do comedor escolar, agás nos casos de alumnos que padezan calquera tipo de intolerancia ou alerxia alimentaria, xustificada mediante certificado médico.

Nestes casos, o consello escolar do cada centro autorizará que se sirvan menús adaptados ás súas necesidades, ou, se é o caso, que se lles faciliten os medios necesarios para a conservación e consumo de menús proporcionados polas familias.

Ten un prezo de 110€ mensuais.

6.5 ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES

A oferta é variada e abarca todas aquelas facetas da formación e o lecer. Son actividades que fomentan a creatividade, actitudes de colaboración e potencian valores educativos e formativos.

Desexamos que estas actividades contribúan á formación integral dos alumnos e apostamos por ofrecer unha formación complementaria de calidade.

As actividades extraescolares ofrecidos polo centro teñen carácter voluntario, son impartidas polo profesorado do colexio e o seu horario é de 18.00 a 19:00 horas da tarde.

Teñen un coste xeral de 10€.

Actividades extraescolares curso 2022/23.

18:00 – 19:00	Luns	Martes	Mércores	Xoves
---------------	------	--------	----------	-------

	Robótica Informática	Play English	Xadrez Robótica	Tenis de mesa
--	-------------------------	--------------	--------------------	---------------------

7. DOCUMENTO DE ORGANIZACIÓN DO CENTRO (DOC)

O documento de organización do centro será cumprimentado a través do programa xade e remitido á inspección educativa, e será esta a que determine a validez do mesmo. Unha vez enviado poderá ser consultado en formato PDF na seguinte dirección da nosa páxina web: www.cisnerosourense.wordpress.com

8. PLAN DE ORGANIZACIÓN DAS TAREFAS DO PERSOAL NON DOCENTE

8.1. PERSOAL COIDADADOR

En coordinación cos profesionais implicados, colaborar na execución práctica, seguimento e avaliación dos programas de autonomía persoal e integración social do alumnado

- Guiar e/ou axudar ao alumno/a na realización de actividades de coidado, hixiene e aseo persoal, previamente programadas.
- Guiar e/ou axudar ao alumno na realización de actividades dirixidas á adquisición de hábitos alimentarios.
- Guiar e/ou axudar ao alumno na realización de actividades dirixidas á adquisición de técnicas de mobilidade, autocontrol en desprazamentos e habilidades da vida diaria.
- Guiar e/ou axudar ao alumno a desprazarse e participar activamente en actividades dentro e fóra do centro, cando as súas condicións llo impidan ou dificulten.
- Colaborar co resto do profesorado na atención, vixilancia e coidado destes alumnos/as durante os períodos de recreo, descanso e saídas.

- Axudar ao alumno/a dentro da aula, para facilitarlle o acceso a algunhas actividades que presentan especial dificultade para o mesmo.

Estas, sempre deberán estar programadas e supervisadas polo profesorado tanto se son desenvoltas na aula ordinaria ou en agrupamentos específicos.

9. PROGRAMA ANUAL DE ACTIVIDADES

9.1.EQUIPO ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES

Ofértanse diferentes actividades extraescolares. A coordinadora, Patricia Solla Rodríguez, emitirá informes periódicos, por escrito ou a través do correo electrónico sobre as actividades que son ofertadas para que sexan estudadas polos equipos, logo trataranse nas xuntanzas da CCP.

O departamento, en colaboración co profesorado e alumnado do centro, organizará actividades para celebrar as seguintes festas e datas.

Algunhas destas actividades serán planificadas a nivel de centro e outras serán traballadas en cada titoría dun xeito máis individual.

9.2 EQUIPO DE DINAMIZACIÓN DA LINGUA GALEGA

Constituído conforme ao Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüístico súa composición para o presente curso aparece recollida no cadro de organización pedagóxica. Entre os obxectivos a seguir:

- Colaborar na elaboración e desenvolvemento do Proxecto Lingüístico do Centro.
- Fomentar o uso da lingua galega no centro, tanto nas relacións internas como nas que se manteñan coa administración e demais entidades.
- Proseguir na procura e adquisición de material informático, bibliográfico, vídeo gráfico e lúdico- didáctico en Galego.
- Potenciar a celebración das festas tradicionais (Magosto, Nadal, Entroido...)

- Fomentar a realización de actividades e promover a participación naquelas, organizadas por entidades públicas ou privadas, que se estimen de interese e teñan como obxectivo o fomento do uso do galego e coñecemento da realidade cultural, social e económica de Galicia, así como o coidado e conservación do medio ambiente.
- Organizar, xunto co E.A.C.E., a celebración do “Día das Letras Galegas”, co obxecto de resaltar a importancia e transcendencia desta data.
- Promover a realización de actividades de investigación sobre o contorno.
- Potenciar a lectura de obras en galego.
- Colaborar no desenvolvemento do Proxecto Lector do Centro.
- Manter informado ao profesorado e comunidade educativa de todas as novas que se vaian producindo en relación coa lingua galega.

9.2.1. FOMENTO DA LINGUA GALEGA

O Equipo de Dinamización da Lingua Galega é o órgano impulsor e dinamizador das medidas tendentes a valorar, dignificar e prestixiar a lingua e cultura galega en todos os niveis. Proponse continuar o traballo desenvolvido, cumprindo a lexislación vixente e establecendo e promovendo actividades que incidan de maneira positiva na promoción do galego e da realidade cultural de Galicia:

- Fomentar a colaboración con outras institucións, educativas ou non, para valorar a comunicación co uso do idioma galego como lingua de noso.
- Dar a coñecer a toda a comunidade educativa e o contorno a vida e obra de persoas destacadas polo seu labor como defensores do idioma ou en outras materias de interese.
- Promover a interacción entre a escola e o seu contorno a prol da normalización do galego.
- Concienciar ao profesorado do seu papel como modelo lingüístico de referencia nas relacións coa comunidade educativa e como promotores do uso e valoración da nosa lingua.
- Empregar o galego nas actividades conmemorativas, complementarias e extraescolares organizadas polo centro.

- Fomentar o uso progresivo do galego oral e escrito de xeito que se vaian superando as carencias que se observan.
- Garantir unha oferta de materiais didácticos de calidade e en soportes diversos que fagan atractivo o proceso de aprendizaxe, que axuden a percibir a utilidade da lingua e que capaciten para o seu uso correcto e eficaz.
- Potenciar a celebración das festas tradicionais (Magosto, Nadal, Entroido...)
- Promover o uso activo de ferramentas das tecnoloxías da información e comunicación en galego, en espazos que permitan ampliar o emprego da nosa lingua nas creacións e nos diversos intercambios dixitais.
- Fomentar a realización de actividades e promover a participación naquelas, organizadas por entidades públicas ou privadas, que se estimen de interese e teñan como obxectivo o fomento do uso do galego e coñecemento da realidade cultural, social e económica de Galicia, así como o coidado e conservación do medio ambiente.
- Organizar, xunto co EACE, a “Programación Cultural - Día das Letras Galegas”, co obxecto de resaltar a importancia e transcendencia desta data e do autor homenaxeado.
- Promover a realización de actividades de investigación sobre o contorno.
- Colaborar no desenvolvemento do Proxecto Lector do Centro.

10. PROGRAMAS E PLANS ANUAIS DE LECTURA

A realización do plan de lectura anual elaborase partindo do plan lector do centro.

Os distintos departamentos e ciclos parten en moitas das súas actividades da biblioteca coa que se coordinan, hai proxectos integrados no primeiro ciclo de primaria e participamos e celebramos efemérides nas que colaboran o equipo de Dinamización da Lingua Galega, equipo de Actividades Complementarias e o equipo TIC e forman parte das celebracións de todo o centro.

Así pois, era necesario reconsiderar e unificar estas actividades nun proxecto común que se materializará no PLA.

O alumnado realiza prácticas de lectura e escritura partindo das actividades que se propoñen dende os equipos da biblioteca, dinamización lingüística e actividades extraescolares. Estas prácticas exhíbense no centro como resultado final da temática proposta polos equipos. A biblioteca fai exposición de material sobre esa temática, facilita material ao profesorado e canaliza as actividades.

Celébranse no centro efemérides como o Samaín, o Día Internacional contra a Violencia de Xénero, o Día da Paz, o Entroido, o Día do Libro, o Día da Poesía, o Día das Letras Galegas...así mesmo tratamos de formar ao alumnado na busca de información, na lectura da prensa, formación documental e ocupámonos de facilitar o uso da lectura ao alumnado con NEAE.

O alumnado traballa na súa aula por ciclos coas bibliotecas de aula e tamén con todas estas actividades que se lle propón ao profesorado dos distintos ciclos e departamentos ademais de que cada materia ten recomendación a través do seu propio itinerario lector.

Os obxectivos que tentamos acadar son os seguintes:

- Espertar e aumentar o interese do alumnado pola lectura.
- Potenciar a comprensión lectora dende tódalas áreas do currículo.
- Fomentar lectores capaces de desenvolverse con éxito no ámbito escolar e fóra del.
- Lograr que a maioría do alumnado descubra a lectura como un elemento de satisfacción persoal.
- Fomentar no alumno/a, a través da lectura, una actitude reflexiva e crítica.
- Valorar e respectar a lingua galega como lingua vehicular do centro.

11. PLAN DE INTEGRACIÓN DAS TICS

Este curso escolar a composición do grupo TIC inclúe ao profesorado titor pensando na necesidade deste profesorado de poñer en marcha a aula virtual.

Dada a situación creada pola pandemia, e a importancia que adquire, de cara a unha eventual docencia non presencial, todo o relativo ás novas tecnoloxías, os nosos obxectivos para este ano céntranse en:

- Posta en marcha da Aula Virtual para todo o profesorado e alumnado. Fronte ao uso só por parte só dalgún profesorado faise completamente necesario a posta en marcha desta ferramenta. Durante o verán traballouse na matriculación masiva de todo o alumnado e a creación dunha estrutura de cursos lóxica e facilmente accesible. Durante os primeiros días do curso estase a traballar coa plataforma nas clases para que o alumnado se vaia familiarizando coa ferramenta, e saiban moverse con axilidade dentro dela.
- Elaboración dun plano de traballo para unha eventual perda da presencialidade, artellando un horario de traballo menos improvisado, onde se combine a conferencia telemática (ao través da plataforma falemos), co traballo en base á aula virtual.
- Detección das necesidades tecnolóxicas e de conectividade do alumnado, para que ninguén se quede desconectado no caso de ter que prescindir da docencia presencial.
- Reordenamento da aula de informática para adaptala ao protocolo Covid no que atinxe a distanciamento do alumnado e a medidas de hixiene dos usuarios e dos equipamentos.
- Acometer a elaboración dun plano de comunicación entre o centro e as familias, explorando todas as posibilidades para garantir que o diálogo entre familias e centro sexa o máis fluído posíbel.
- Elaboración dun plan de formación do profesorado no uso das ferramentas dixitais, tales coma o manexo da aula virtual, xestión de videoconferencias e xestión de ferramentas de autor.

12. ADENDA DO PROXECTO LINGÜISTICO

12.1. INFORMACIÓN RESPECTO DA LINGUA MATERNA E AS ACTIVIDADES E ESTRATEXIAS DE APRENDIZAXE.

A) Lingua materna

O alumnado da etapa de Educación Infantil utilizan maioritariamente, nun 75% o castelán para a súa comunicación cotiá.

Porén, o profesorado imparte parte dos contidos das áreas e materiais en galego, coa finalidade de lograren o obxectivo de equilibrar ámbalas dúas linguas ata acadar o 50 %.

No horario de Lingua Estranxeira facilítanselle actividades e materiais na lingua que se imparte.

B) Actividades e estratexias.

Como queda reflectido no Proxecto Lingüístico de Centro, a implicación das TICs, o Equipo de Dinamización da Biblioteca, así como a participación das familias nas actividades do centro facilitan a posta en marcha de recursos e estratexias dinamizadoras dentro do ámbito escolar.

Por outra banda cada unha das etapas educativas teñen uns obxectivos e propostas de actuación definidos e analizados en profundidade no Proxecto Lingüístico de Centro, polo que nesta addenda recolleemos as liñas xerais de traballo que seguiremos ao longo do curso académico 2021/22.

- En Educación Infantil e Primaria, o proceso de ensinanza aprendizaxe baséase fundamentalmente no traballo diario de aula con actividades variadas, a nivel individual, por parellas, en pequeno grupo ou de grupo clase, tentando integrar cada ano máis nas aulas o traballo cooperativo, que na nosa realidade escolar e de vital importancia ao encontrarse os grupos unificados.

Organízanse, así mesmo, para as diferentes áreas as actividades arredor de diferentes centros de interese que se desenvolven ao longo do curso escolar: os proxectos.

A súa realización implica traballo activo e dinámico de investigación, implicación das diferentes áreas, coidado na presentación dos mesmos e responsabilidade á hora de respectar unhas normas e datas de entrega. A riqueza deste tipo de actividades é valorada positivamente atendendo, en todo caso, á diversidade do alumnado, tanto na práctica docente como na selección de contidos.

En Educación Secundaria Obrigatoria, o ensino baséase xeralmente en leccións e actividades de aula, aínda que nalgunhas materias exista un enfoque baseado nas tarefas.

Nesta etapa educativa altermase o traballo en pequeno e mediano grupo co traballo individual, variando a frecuencia de cada unha das modalidades dependendo da materia tratada.

Na participación das familias e institucións do contorno destacamos que as familias participan nas actividades do centro sempre que se lles solicita.

Así, sempre coa axuda da Coordinadora, mantemos e consolidamos a colaboración con:

Diferentes Concellarías (Educación, Cultura) do Concello e outros organismos como a Deputación Provincial, Dirección Xeral de Xuventude, etc. A AELG, a Axencia Literaria Galega, etc.

O noso alumnado realiza unha serie de actividades encamiñadas a acadar estes obxectivos, actividades que se levan a cabo tendo como instrumento a lingua galega.

As Seccións Bilingües están coordinadas pola profesora Miriam Tierno Pérez. Nos cursos de 1º, 2º e 3º e 4º de Educación Primaria, estamos a impartir a Educación Plástica en Inglés. Obxectivos lingüísticos perseguidos polas Seccións Bilingües poderían resumirse en:

- Comunicarse, oralmente e na escrita, con mensaxes simples en Inglés.
 - Aplicar sinxelas regras lingüísticas na comunicación na lingua foránea.
 - Usar linguaxe específica da área co fin de aumentar o vocabulario en inglés.
- Comunicarse cun nivel de competencia progresivo na lingua estranxeira.

Todos estes obxectivos desenvolveranse na clase a través das distintas actividades específicas da área de Plástica.

12.2 DECISIÓN AO RESPECTO DA LINGUA EN QUE SE IMPARTEN AS MATERIAS.

A distribución lingüística no presente curso escolar axústase ao establecido no Decreto 79/2010, de 20 de maio para o plurilingüismo no ensino non universitario

de Galicia, no tocante ao reparto das materias impartidas en lingua galega, lingua castelá ou lingua estranxeira.

Asemade, tendo en conta a sentenza 01286/2012 do Tribunal Superior de Xustiza de Galiza, que reflicte o interese dos tribunais en paliar as desigualdades no uso das linguas cooficiais e conceder aos centros escolares maior autonomía neste tema, tentaremos co noso Proxecto Lingüístico potenciar a máis desfavorecida, a lingua galega, co fin de conseguir a normalización e dinamización do seu emprego e as competencias de uso, tanto a nivel escrito como oral, por parte do noso alumnado.

Será competencia de cada Departamento e dos Equipos dos distintos Ciclos de E.I. e E.P. definir que contidos, materiais de consulta, ferramentas de traballo, etc...

No horario de Lingua Estranxeira facilítanselle actividades e materiais na lingua que se imparte.

En Educación Primaria como estipula o Decreto 79/2010, de 20 de maio para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia, impártense en galego as materias de Ciencias Naturais e Ciencias Sociais e as Matemáticas en castelán.

O citado decreto establece que o resto das materias se impartirán en galego ou castelán, segundo acordo do centro, mantendo sempre unha porcentaxe equilibrada de horas entre as dúas linguas.

Na ESO impártense en galego: Xeografía e Historia, Bioloxía e Xeoloxía. En castelán: Matemáticas, Física e Química, Tecnoloxía.

O Decreto, tamén nesta etapa, establece que o resto das materias impartiránse en galego ou castelán, segundo acordo do centro, mantendo sempre unha porcentaxe equilibrada de horas entre as dúas linguas.

13. BIBLIOTECA ESCOLAR

A biblioteca do CPR Cardenal Cisneros pretende ser un recurso dinamizador máis dentro do ámbito escolar e tendendo a que forme parte dela toda a comunidade escolar.

Este curso queremos continuar os proxectos que iniciamos e seguir poñendo en valor a Biblioteca Escolar coma fonte de recursos e espazo creativo.

O ano pasado re-deseñamos o espazo e establecemos quendas para garantir un uso seguro da biblioteca atendendo á distancia social, procuramos novos xeitos de xestionar os préstamos para garantir a seguridade dos materiais, alternativas para realizar actividades de grupo, probablemente da man das novas tecnoloxías e con todo o que isto supón de afondar no coñecemento das ferramentas virtuais por parte de alumnado e profesorado.

O noso obxectivo é a configuración da biblioteca como «laboratorio creativo de aprendizaxes»

Estivemos estes anos realizando cambios na ubicación da biblioteca, e queremos acadar unha colección actualizada e en bo estado de conservación.

Temos que continuar con estas tarefas de mantemento dos fondos, posto que o uso continuado dalgúns títulos e coleccións fan que o seu estado de conservación empeore cada curso, e cómpre, xa que logo, manter un control dos mesmos para retirar da Biblioteca aqueles exemplares que non cumpran cos requisitos básicos de calidade.

Adquirimos novo mobiliario para a biblioteca, en concreto mesas e cadeiras e un moble expositor. Con estas adquisicións, e un cambio na disposición actual do mobiliario, traballaremos para facer da biblioteca non só un lugar máis atractivo senón tamén máis útil, con espazos diáfanos que permitan a presenza de pequenos grupos para o seu traballo respectando as distancias de seguridade.

Gustaríanos fomentar o uso da biblioteca para a realización de eventos como os contacontos, os contos do xoves, presentacións de lecturas, actividades de promoción da lectura, exposición de proxectos de investigación...

Unha vez realizada a etiquetaxe dos libros de consulta e a sinalización da Biblioteca, queremos neste curso crear un modelo de etiquetaxe que facilite o acceso aos libros de literatura en relación á súa temática, e tamén no que atinxe ao seu nivel lector.

Seguiremos tentando acelerar as tarefas de catalogación, aínda que esta labor costa enorme traballo xa que as tarefas cotiáns a penas deixan tempo para realizalo.

Queremos neste curso incorporar a figura dos axudantes de biblioteca aos que se lle asignaran tarefas concretas en distintas zonas da biblioteca, así como un sistema de rotacións que fan que asuman distintas funcións ao longo da súa garda.

En relación ás medidas necesarias para o uso da biblioteca na «nova normalidade» as funcións dos axudantes terán que ser ben plantexada, e terán que ter un papel decisivo na difusión das novas normas de uso do espazo e dos recursos. Haberá, asemade, que construír novas rutinas no acceso aos recursos, hixienización dos espazos e materiais, establecemento de quendas en función do aforo máximo e da necesidade de asegurar unha distancia social, determinación dos xeitos de garantir a corentena dos materiais... Todas estas medidas son de grande importancia e pensamos que requiren a supervisión directa do profesorado do centro que non poderá delegar no alumnado voluntario. En calquera caso, e en canto a pandemia estea controlada teremos que volver a promover a xestión por parte do alumnado.

Os horarios de uso da biblioteca terán que ter un mínimo semanal de asignacións por aula, cando menos nos cursos de primaria, para garantir a todos o acceso en exclusividade ao espazo e recursos da mesma. Así mesmo nas horas de recreos haberá que garantir un aforo máximo e para iso hanse establecer quendas por días para o acceso para uso libre.

No tocante a adquisición de materiais sempre nos mostramos atentos ás suxestións dos titores/as sobre as súas necesidades para orientarnos nas políticas de adquisición de libros.

Actividades en relación co fomento da lectura e co desenvolvemento do proxecto lector de Centro

Continuaremos coas actividades xa postas en marcha nos cursos pasados e que acadaron unha boa valoración por parte dos usuarios e do profesorado, como son o **Programa de Lectura Silenciosa**. E novas propostas como os **clubs de lectura e escritura** fomentando que se fagan lecturas en cada club.

Queremos destacar a posta en marcha da nosa radio, **Radio Cisneros**. É unha actividade moi ben valorada polo alumnado e que achega uns valores educativos incuestionables, polo que seguiremos fomentando o seu uso, tentando a participación de todo o centro nela.

Precisamos unha **Web para a biblioteca que** integre de varias seccións como a de Booktubers, para recomendacións de lecturas, Escornabots, para actividades de robótica, Contacontos, para as actividades de lectura cos máis pequenos e dos contos dos pais, Clubs de escritura, para recoller as producións destes clubs, e outra de novidades para os anuncios de actividades da Biblioteca.

Tamén se farán outras actividades como a da lectura de textos de terror no Samaín ou lecturas no comedor en datas especiais.

Nos parece de grande interese que o centro, impulsado dende a biblioteca, tente participar en **proxectos innovadores** a todos os niveis, pero fundamentalmente no que atinxe a áreas relacionadas directamente coa lectura e o acceso á información. Neste sentido a biblioteca, como ten feito ata o de agora, promoverá a participación en proxectos de innovación educativa convocados dende a administración educativa, e en especial os que dirixa á asesoría de bibliotecas.

Queremos tamén destacar o **espazo maker**, co escornabot, que está funcionando moi ben, cunha participación moi grande dos nenos e nenas. Queremos ampliar o número de escornabots e traballar, non só no seu uso cos patróns, senón na súa montaxe co alumnado. Queremos sistematizar a formación do profesorado para elaborar patróns e promover retos maker, como vimos nos foros que se teñen realizado nalgún que outro centro.

Criterios e procedementos de avaliación. Indicadores e instrumentos que se van utilizar.

Pensamos que os criterios que se marcaron en cursos anteriores seguen a ser correctos. Queremos seguir avaliando constantemente a nosa actividade, introducindo as modificacións oportunas en canto sexan detectados fallos, sen ter que esperar a unha avaliación final. Queremos ir recollendo as suxestións que xurdan e mesmo incitando as críticas ás nosas propostas para ver de mellorar en todo o posíbel.

Valoraremos como indicadores do noso traballo os seguintes:

- Número de empréstanos realizados, tanto a nivel individual como nas bibliotecas de aula. (haberá que valorar neste apartado como afectarán as limitacións sanitarias ao montante dos préstamos).
- Nivel de participación do alumnado nos clubs de lectura e escritura.
- Participación en distintas actividades.
- Número de profesorado voluntario nas actividades da biblioteca.
- Utilización polo profesorado dos distintos recursos que a biblioteca pon á súa disposición.
- Calidade dos traballos realizados.

14. RELACIÓN COA COMUNIDADE E AS FAMILIAS

14.1 CLIMA DE COLABORACIÓN

A relación dos membros do claustro coas familias debe basearse na comunicación e a coordinación. Este clima potenciarase sobre todo nas reunións de titoría, con motivo de informar e obter informacións dos pais/nais que favorezan o desenvolvemento do proceso educativo.

Os titores manterán contacto cos pais, de xeito individual ou colectivo, mediante reunións que se celebrarán os días establecidos para cada titor, previa cita, ou calquera outra data acordada polas dúas partes.

14.2 RELACIÓNS COA CONTORNA

O Centro, a través dos órganos colexiados e os membros que os constitúen, tentará soste unha estreita colaboración cos membros da Comunidade Educativa e aquelas entidades como Concello, Asociacións culturais... en todas aquelas facetas relacionadas coas necesidades do Centro ou nas que o Centro poida aportar a súa colaboración.

15. AVALIACIÓN DA PROGRAMACIÓN XERAL ANUAL

A avaliación xeral de centro fundamentase na memoria anual que elabora a dirección, nos aspectos relacionados coa PXA, como nas memorias anuais que os equipos ciclos e departamento, nos aspectos curriculares.

Así mesmo todos os plans e proxectos contemplan unha avaliación propia ao finalizar o curso académico e que queda reflexado así en cada un dos mencionados plans e proxectos.

ANEXOS

CONCRECIÓN ANUAL DO PLAN XERAL DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

A.INTRODUCCIÓN

O **Plan Xeral de Atención á Diversidade** pretende ser unha ferramenta encamiñada a dar resposta ao conxunto global do alumnado, tanto ao que puntualmente presenta algún tipo de dificultade e necesita algún tipo de axuda, como ao que manifesta necesidades específicas de apoio educativo. Dita resposta adaptárase á realidade e singularidade do centro. Entendemos por diversidade as diferenzas que presenta o alumnado ante as aprendizaxes escolares e as distintas causas ás que poden atribuírse: aptitudes, intereses, motivacións, capacidades, ritmos de maduración e estilos de aprendizaxe, experiencias e coñecementos previos, contornos sociais e culturais, etc.

Todos estes aspectos darán lugar a un alumnado heteroxéneo en canto as súas necesidades educativas, que irán dende o menos ao máis diferente e que determinarán, a súa vez, as respostas educativas, que irán das máis ordinarias ás máis extraordinarias. Polo tanto, atender á diversidade, non é só atender as diferencias individuais do alumnado, senón tamén poñer en xogo todos os elementos organizativos en aras de cubrir as necesidades educativas especiais ou non especiais que presenten.

Dentro desta diversidade xeral, pode que algún alumnado precise dunha atención diferente a ordinaria:

- Alumnado con necesidades educativas especiais, derivadas de condicións persoais de discapacidade (física, psíquica, sensorial) ou de graves trastornos da personalidade ou da conduta.
- Alumnado con necesidades específicas de apoio educativo asociadas a dificultades específicas de aprendizaxe derivadas de ritmos lentos, dificultades importantes de aprendizaxe das técnicas instrumentais, falta de estimulación, falta de hábitos, dificultades da linguaxe...
- Alumnado con condicións persoais e de historia escolar, que presente dificultades na evolución das súas aprendizaxes e na adquisición de obxectivos e competencias por motivos de saúde, por pertenza a determinados grupos sociais ou minorías étnicas, por situacións socioculturais desfavorables, por escolarización desaxustada ou pola combinación de varios dos motivos mencionados.
- Alumnado de incorporación tardía ao sistema educativo, aquel que procede do estranxeiro e presenta todas ou algunha das seguintes circunstancias:
 - Descoñecemento das dúas linguas oficiais de Galicia.
 - Desfase curricular significativo.
 - Graves dificultades de adaptación.

Para todos eles, unha vez identificadas as necesidades específicas, será preciso ir adaptando as respostas educativas dende as programacións xerais e as programacións da aula, ata aquelas outras propostas que modifiquen máis ou menos significativamente a proposta curricular, podendo chegar a requirir propostas organizativas diferenciadas e recursos persoais de apoio mais ou menos especializados.

Entendemos que resposta educativa ofrecida é responsabilidade de todo o profesorado e demais sectores da comunidade educativa.

B. OBXECTIVOS

- Planificar e organizar os apoios e priorizar os recursos persoais de que se dispón, para axustalos ás necesidades.
- Prever unha planificación que permita introducir cambios ante novas necesidades que poidan xurdir ao longo do curso.

- Organizar medidas flexibles que conduzan á necesaria readaptación das intervencións do profesorado ordinario e dos especialistas para adecuarse á atención das novas necesidades educativas.
- Establecer as medidas que permitan unha detección temperá das posibles dificultades.
- Diseñar e realizar actividades grupais de prevención de dificultades de aprendizaxe.
- Garantir a actuación coordinada de mestres e especialistas para a correcta aplicación das medidas de atención á diversidade.
- Establecer canles de colaboración entre o profesorado que intervén co alumnado con NEAE.
- Proporcionar e adaptar unha resposta educativa axeitada e de calidade ao alumnado, que lle permita acadar o maior desenvolvemento persoal e social.
- Organizar os recursos persoais e materiais do centro co fin de facilitar unha resposta educativa axeitada a todo o alumnado, especialmente aos que presentan necesidades específicas de apoio educativo.
- Planificar propostas educativas diversificadas de organización, procedementos, metodoloxía e avaliación axeitadas ás necesidades de cada alumno.
- Fomentar a participación das familias e implicalos no proceso educativo dos seus fillos/as.
- Promover a coordinación con institucións ou organismos externos ao Centro.
- Promover a formación permanente do profesorado.
- Servir de guía para identificar aqueles aspectos da atención á diversidade que precisen melloras cara o curso seguinte.

C.IDENTIFICACIÓN E VALORACIÓN DE NECESIDADES

A detección e valoración das necesidades realízase mediante as seguintes actuacións:

- Avaliación inicial.
- Sesións de avaliación trimestrais.

- Avaliación final.
- Avaliacións LOMCE: en 3º e 6º curso, carácter orientativo.
- Avaliación psicopedagóxica individualizada.

En canto a valoración das necesidades, que vemos con respecto ao alumnado:

En xeral son dificultades no desenvolvemento e afianzamento das técnicas instrumentais básicas: dificultades para extraer as ideas principais dun texto, para expresarse tanto por escrito como a nivel oral, e dificultades no razoamento lóxico, no cálculo mental e noutros contidos matemáticos.

É necesario mellorar:

- Os índices de atención do alumnado e as dificultades de linguaxe, especialmente en educación infantil e primeiros cursos de primaria.
- Os hábitos de traballo e autonomía persoal (calendario, mochila, axenda).
- As técnicas de traballo (lectura comprensiva, subliñado, resumo, esquemas...).
- A sensibilización do alumnado cara á diversidade e respecto ás diferenzas.
- A acollida e a inclusión do alumnado con necesidade específica de apoio educativo por parte da totalidade do alumnado.
- O desenvolvemento de habilidades sociais para que saiban resolver os conflitos dentro dunha cultura de paz.

En canto a valoración das necesidades, con respecto ás familias do alumnado en xeral:

- Necesidade de marcar límites e normas e como facelo.
- Necesidade de supervisión dos hábitos de estudo e a organización.
- Maior implicación e colaboración co centro para apoiar o traballo desenvolto polos docentes e participar nas actividades organizadas.

En canto a valoración das necesidades, con respecto ao profesorado en xeral:

- Dificultades para coordinarse o equipo docente co profesorado de apoio e orientadores pola falta de tempos a nivel centro.
- En xeral mellorar estratexias inclusivas para a atención dos ACNEE.

En función destas necesidades e dos datos recollidos das memorias, tómanse as seguintes decisións.

- Establecer uns criterios de atención que prioricen o alumnado que debe ser atendido polo profesorado de apoio de AL. e PT.
- Primar o apoio individualizado da especialista de audición e linguaxe nos cursos máis baixos, atendendo a criterios pedagóxicos.
- Primar a atención do alumnado con adaptación curricular, así como do alumnado escolarizado en modalidade específica e combinada.
- Poñer en marcha mecanismos de detección temperá.
- Implementar medidas para mellorar a convivencia e a resolución de conflitos.
- Revisar e actualizar os documentos de centro.
- Realizar un programa de habilidades sociais e emocionais.
- Difundir as medidas tomadas nas Adaptacións Curriculares Non Significativas do alumnado.
- Fomentar modelos e metodoloxías inclusivas: aprendizaxe cooperativa, tutoría entre iguais... como medio para dar cabida á atención individual do alumnado que presenta NEAE.
- Deixar tempos nas Comisións Pedagóxicas para o proceso de seguimento, avaliación e mellora do PXAD.

D. DESCRICIÓN DAS ACTUACIÓNS, MEDIDAS E/OU PROGRAMAS PARA A ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

As medidas de atención á diversidade oscilan nun continuo que abarca dende a prevención á intervención específica. Non van ligadas de forma permanente a colectivos de alumnos/as concretos, xa que calquera alumno/a pode requirir ao longo da súa escolaridade a adopción de diferentes tipos de medidas. Tampouco cabe asignar de forma exclusiva unha medida concreta cun determinado profesional que a leve a cabo. Por regra xeral as medidas sempre tenderán a ir do máis ordinario ao máis extraordinario, das situacións máis normalizadoras ás menos normalizadoras.

D.1 Medidas Ordinarias

- Adecuación da estrutura organizativa do centro (horarios, agrupamentos, espazos) e da organización e xestión da aula ás características do alumnado.
- Adecuación das programacións didácticas ao contorno e ao alumnado.
- Realizar unha avaliación inicial ao comezo do curso.
- Contextualizar os criterios de avaliación seguindo os mesmos criterios de adecuación empregados ao contextualizar os obxectivos.
- Cada profesor/a, desde a súa materia adaptará a programación didáctica do seu nivel a cada grupo de alumnos/as en particular, unha vez realizada a avaliación inicial en canto a obxectivos e contidos.
- Adecuar os obxectivos ás peculiaridades do alumnado do grupo - clase.
- Precisar cales son os obxectivos e contidos mínimos de nivel e de cada unidade didáctica.
- Metodoloxía no traballo colaborativo en grupos heteroxéneos, na titoría entre iguais, no aprendizaxe por proxectos e noutras que promovan a inclusión.
- Grupos cooperativos.
- Levar a cabo adaptacións Curriculares Non Significativas con aquel alumnado con dificultades específicas de aprendizaxe.
- Diversidade de actividades para cada contido.
- Actividades secuenciadas segundo a súa dificultade (cada alumno/a vai realizando as mesmas e, unha vez superadas, pasan ás de nivel seguinte).
- Realización de actividades de reforzo (para todo o grupo como repaso ou para alumnado con dificultades de aprendizaxe).
- Plantexar un enfoque centrado na aprendizaxe significativa e no desenvolvemento das fortalezas e talentos de todo o alumnado.
- Adaptar materiais didácticos: seleccionar e utilizar materiais curriculares diversos, adecuándoos ás características do alumnado e aproveitando a súa potencialidade motivadora.
- Empregar recursos didácticos variados de xeito que un mesmo contido se presente a través de recursos diferentes.
- Diversificar os procedementos de avaliación mediante estratexias como: adecuar tempos, criterios, instrumentos e procedementos de avaliación.
- Diversificar os tipos de probas en función do alumno/a ao que se dirixe.

- Seleccionar técnicas e instrumentos de avaliación múltiples e variados.
- Entender como válidas diferentes formas de avaliación que dean cabida a modalidades de expresión ou comunicación do aprendido, xa sexan escritas, verbais, a través de esquemas, carteis, fotos, etc.
- Diversidade nos criterios de cualificación: nota das probas, dos exames de trimestre, traballos de aula, actitude, comportamento, asistencia...
- Utilizar diferentes instrumentos e procedementos para avaliar a progresión das capacidades básicas do alumnado.
- Coordinar os apoios dende a perspectiva do alumnado e o seu desenvolvemento.
- Desdoblamento de grupos.
- Reforzo educativo e apoio do profesorado con dispoñibilidade horaria.

D.2 Medidas Extraordinarias

- Apoio do profesorado especialista de PT/AL.
- Adaptacións de acceso ao currículo.
- Adaptacións curriculares significativas.
- Repetición.
- Flexibilización da duración do período de escolarización.
- Escolarización en modalidade combinada ou en aula específica dentro do centro ordinario. O noso centro conta cunha aula específica. É conveniente que queden recollidas no expediente académico as medidas tomadas.

En canto as medidas extraordinarias, como poden ser as Adaptacións Curriculares e a repetición, o equipo docente e os orientadores resolverán en cada caso particular a opción máis indicada primando sempre o criterio pedagóxico.

E.PROTOCOLO PARA A SOLICITUDE DAS MEDIDAS EXTRAORDINARIAS

E.1 Intervención do Departamento de Orientación

O titor/a detecta necesidades educativas nun alumno/a e non consegue darlle resposta no ámbito da tutoría. Demanda colaboración ós orientadores, que revisarán as medidas que se estean levando a cabo e asesorará no deseño doutras posibles medidas de reforzo. Tentarase dar resposta ás necesidades do alumno/a dentro das medidas ordinarias. Se se consegue, péchase o ciclo de

intervención. Se non se consegue, o titor/a realizará unha demanda de intervención por escrito (Documento de derivación). O Departamento inicia unha etapa de recollida de datos e, cando se considere preciso, realizará unha avaliación psicopedagóxica. En función do anterior elaboraranse:

- Pautas de intervención.
- Informe psicopedagóxico.
- Apoio do profesorado de PT/AL.
- Solicitude do apoio ao Departamento de Orientación.
- Información á familia a través do titor ou titora.
- Proposta de apoio do Departamento de Orientación.
- Información á xefatura de estudos.
- Autorización da Dirección.

F. CRITERIOS DE ATENCIÓN

A preferencia do alumnado a atender e o tempo de atención, rexeráse polos seguintes criterios:

1. Alumnado con Necesidades Educativas Especiais derivadas de Discapacidade (visual, auditiva, intelectual, ou motora), Trastornos de Espectro Autista (TEA) e Trastornos Graves de Conduta.
2. Alumnado con outras Necesidades Específicas de Apoio Educativo e con adaptación curricular e informe psicopedagóxico.
3. Outro alumnado con NEAE que precise atención educativa.
4. Terán prioridade aqueles alumnos/as que xa viñeran recibindo apoio.
5. En xeral primaranse os cursos máis baixos para recibir atención educativa do profesorado de apoio.
6. En Educación Infantil só recibirán atención de Pedagogía Terapéutica aqueles casos precedidos dun ditame psicopedagóxico.
7. En canto ao profesorado especialista de Audición e Linguaxe primarase a intervención temperá no ciclo de Educación Infantil e nos primeiros cursos de Primaria.

8 .Cando existan moitas solicitudes para recibir apoio, priorizaranse atendendo a criterios pedagóxicos e evolutivos marcados pola CCP.

G. MODALIDADES DE ATENCIÓN

1. Atención individualizada do alumno/a polo profesorado titor cando precisa un apoio puntual sen a intervención directa doutro profesor/a ou especialista.

2. Apoios temporais dentro da aula: Atención ao alumno por parte doutro profesor/a con dispoñibilidade horaria, que intervén no grupo aula atendendo a un alumno/a concreto.

3. Atención especializada por parte do profesorado de apoio: Alumnado con necesidades específicas de apoio educativo que requira, nun período da súa escolarización ou ao longo de toda ela, determinados apoios e atencións educativas. Neste caso os apoios poden ser:

- Dentro da aula: Neste sistema o profesor de apoio traballa o currículo, dentro do aula ordinaria, co alumno con necesidades educativas.
- Fóra da aula: En determinadas áreas ou actividades (principalmente as instrumentais) o alumno ou grupo de alumnos/as con necesidades educativas específicas sae do seu grupo - aula para ser atendido polo profesorado de apoio.

5. Atención especializada por parte do profesorado de apoio na aula específica coa participación en todas actividades que sexa posible co grupo de referencia.

6. Escolarización combinada entre a aula ordinaria e a aula específica.

H. ORGANIZACIÓN DOS APOIOS

- A valoración dos orientadores do centro sempre debe preceder á intervención do profesorado de Pedagogía Terapéutica e Audición e Linguaxe.
- O alumnado cun desfase curricular notable que comece a presentar serias dificultades para a aprendizaxe, poderá recibir apoio estable de PT e/ou AL.
- Os apoios dirixiranse fundamentalmente á adquisición das aprendizaxes instrumentais de Lingua e Matemáticas. Naqueles casos que o desfase

curricular sexa significativo e, polo tanto, exista unha adaptación curricular traballarase en conformidade á mesma.

- Os apoios impartiranse, sempre que sexa posible, durante as áreas Instrumentais e/ou Coñecemento do Medio, e non en Lingua Estranxeira, E. Física, Plástica e/ou Música.
- Terase en conta, sempre que sexa posible, os momentos do horario na aula ordinaria na que se imparte a materia obxecto de dificultade.
- As familias do alumnado susceptible de reforzo serán informadas das medidas que se van adoptar e dos obxectivos que se pretenden acadar.
- O apoio darase preferentemente dentro da aula ordinaria. Só se producirán intervencións directas especializadas cando:
 - A resposta educativa que precise o alumno/a con neae non poda resolverse con fórmulas máis normalizadas.
 - Alumnado que teña que recibir atención específica por parte da especialista de Audición e Linguaxe.
 - O alumnado que descoñeza as linguas da comunidade.
 - O alumnado que non teña adquirido ou non domine as técnicas instrumentais básicas, dependendo do nivel no que se atope.

Asegurarase que o alumnado escolarizado en modalidade de aula específica e/ou combinada participe en tódalas actividades da aula ordinaria que sexa posible e, especialmente, en materias como: Música, Educación Física, Plástica, etc. Os apoios fóra da aula nunca excederán no tempo a terceira parte da xornada lectiva.

En xeral, o alumnado que reciba apoio de PT ou AL non terá máis reforzos fóra da aula para non incidir negativamente na súa integración na aula ordinaria.

Introduciranse as medidas correctoras que se consideren oportunas, sempre que o progreso non sexa positivo.

Informarase ás familias, cando menos trimestralmente, do grao de consecución dos obxectivos programados.

Establecerase unha boa coordinación entre todos os profesionais implicados na interacción co alumno/a concreto que presenta necesidades educativas.

Nos casos en que, por propia decisión das nais, pais e titores e titoras legais e/ou derivación do departamento de orientación, o alumnado estea sendo atendido por profesionais externos ao centro, estableceranse os contactos de comunicación coa finalidade de fixar estratexias de actuación conxuntas que redunden na mellora da resposta educativa do alumnado.

I. PROPOSTA DE MELLORA DA ORGANIZACIÓN DOS APOIOS

- Dar prioridade ao alumnado con necesidades educativas especiais, ou trastornos graves de conduta.
- Dar prioridade ao alumnado con Adaptacións Curriculares.
- Prestar atención ao alumnado con necesidades específicas de apoio educativo que presenten dificultades de aprendizaxe ou alteracións da linguaxe oral que requiran apoio especializado, dando prioridade ao alumnado dos primeiros niveis.
- Os apoios preferentemente faranse nas aulas ordinarias.
- A organización dos apoios deberá ser aberta, flexible e suxeita a modificacións ao longo do curso.

J. MECANISMOS DE COORDINACIÓN INTERNOS

- Reunións dos órganos de goberno.
- Reunións dos órganos colexiados.
- Reunións do Departamento de Orientación.
- Reunións da Comisión Pedagóxica.
- Reunións dos Equipos Docentes.
- Reunións entre o profesionais que atenden ós casos de NEAE.
- Reunións entre o profesorado titor e os orientadores.

K. CANLES DE COLABORACIÓN FAMILIAS E SERVIZOS EXTERNOS

Familias:

Procurarase que as reunións estean reguladas polo centro. Será necesaria citación previa, agás excepcións. É importante incidir nos logros obtidos, sen esquecer aqueles aspectos nos que se debe traballar máis. O titor coordinará a información

que lle é transmitida polo profesorado de área e de apoio, co fin de non dar informacións contraditorias.

- Reunións iniciais.
- Hora semanal de atención ás familias.
- Axendas escolares.
- Información trimestral.
- Entrevistas periódicas.
- Protocolos para o intercambio de comunicación (faltas de asistencia, incidencias...).

Servizos externos:

- Contacto periódico cos Servizos Sociais do Concello.
- Colaboración con Inspección.
- Colaboración co EOE.
- Colaboración co Servizo de Menores.

L. SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN

A avaliación debe mellorar a calidade das aprendizaxes, evitar todo carácter represivo, ser permanente, continua e formativa, ser obxectiva, e sistemática. Considerar o erro como fonte de novos aprendizaxes, ser participativa e fomentar as técnicas de autoavaliación.

En canto ao proceso de avaliación seguiranse, a nivel xeral, os seguintes pasos:

Ao inicio do curso o profesorado titor revisará os expedientes do alumnado para ter en conta posibles NEAE xa detectadas.

Realizarase nos primeiros días a avaliación inicial coa finalidade de tomar as medidas educativas oportunas segundo os datos obtidos. Estas medidas quedarán reflectidas na programación de aula (materiais de traballo adaptados, flexibilidade metodolóxica e organizativa etc.).

Diversificaranse os procedementos de avaliación, así como os tipos de probas, técnicas e instrumentos. A avaliación será entendida como un proceso.

Tamén é necesario avaliar o plan xeral de atención a diversidade propiamente

dito: A revisión do plan realizarase a principios de curso, atendendo ás conclusións recollidas e obtidas na avaliación do curso pasado e ás circunstancias existentes nese momento. Ao longo do curso, o equipo directivo e o departamento de orientación irán facendo un seguimento do desenvolvemento do plan e da programación para introducir os axustes necesarios, e poñelos en común na Comisión de Coordinación Pedagóxica, elevando conclusións e posibles modificacións ao Claustro para o seu coñecemento, que serán engadidas na Memoria de Final de Curso, que, á súa vez, servirá de base para a Programación Xeral Anual do curso seguinte.

Se as condicións do Centro se viran alteradas por calquera motivo durante o período escolar, procederíase a realizar as modificacións oportunas.

Ao final de cada curso, analizarase a adecuación deste á realidade do centro, e deseñaranse as modificacións pertinentes en canto a alumnado e recursos previstos para o curso seguinte.

Os criterios de avaliación para determinar a calidade do plan e programación da atención á diversidade son:

- Adecuación ás necesidades reais do centro.
- Logros acadados no referente aos obxectivos previstos. Nivel de colaboración e participación dos distintos estamentos da comunidade educativa.
- Nivel de colaboración e participación dos servizos externos ao centro.
- Grao de implicación dos responsables no seu desenvolvemento.

Con estes datos, ao final de cada curso, o Departamento de Orientación elaborará a correspondente memoria do PXAD establecendo, de ser o caso, as pertinentes propostas de mellora. Esta memoria incorporarase á memoria do Departamento de Orientación e, en consecuencia, á Memoria Anual do centro.


M. PROPOSTAS DE MELLORA

- Dotar de periodicidade ás reunións dos orientadores cos titores de todos os niveis. En ocasións, a falta de tempos a nivel de centro ten como consecuencia que estas non se realicen.
- Seguir a traballar no protocolo de detección temperá, así como nos mecanismos de detección.
- Fomentar modelos e metodoloxías inclusivas como medio para dar cabida á atención individual do alumnado que presenta neae dentro das clases.
- Deixar tempos nas Comisións Pedagóxicas para o proceso de seguimento, avaliación e mellora do PXAD.

16. APROBACIONES.

A PROGRAMACIÓN XERAL ANUAL para o curso 2022/23 foi aprobada e polo Claustro de Profesores en sesión de Claustro o día 5 de setembro 2022.

O DIRECTOR



Asdo.: Benigno López Feijóo

A PROGRAMACIÓN XERAL ANUAL para o curso 2022/23 foi validada polo Consello Escolar en reunión o día 5 de setembro de 2022.

O DIRECTOR - PRESIDENTE DO CONSELLO



Asdo.: Benigno López Feijóo

O director do centro aproba A PROGRAMACIÓN XERAL ANUAL para o curso 2022/23, trala súa presentación e validación en sesións de Claustro e Consello Escolar.

CPR Cardenal Cisneros, 29 de setembro de 2022



O DIRECTOR

Asdo.: Benigno López Feijóo

